

ANEXO I

Táboa salarial ano 2004

-Persoal administrativo.	
Enxeñeiros e licenciados	1.030,78
Enxeñeiros técnicos	967,53
Xefe administrativo	874,17
Oficial de 1ª	779,22
Oficial de 2ª	718,31
Auxiliar	679,32
-Especialistas de industria.	
Encargado de almacén	768,88
Oficial 1ª	717,67
Oficial 2ª	679,31
Oficial 3ª	623,07
Peón especialista	607,20
Peón	590,35
Aprendiz	S.M.I.

ANEXO II

Táboa salarial ano 2005

-Persoal administrativo.	
Enxeñeiros e licenciados	1.082,32
Enxeñeiros técnicos	1.015,91
Xefe administrativo	917,67
Oficial de 1ª	818,18
Oficial de 2ª	754,23
Auxiliar	713,28
-Especialistas de industria.	
Encargado de almacén	807,32
Oficial 1ª	753,55
Oficial 2ª	713,27
Oficial 3ª	654,23
Peón especialista	637,56
Peón	619,87
Aprendiz	S.M.I.

Resolución do 15 de marzo de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo do sector de tinturarias.

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo do sector tinturarias, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 11-3-2005 e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 4-3-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 15 de marzo de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Acta de recunión da comisión paritaria do convenio colectivo de tinturarias e lavandarias da provincia da Coruña (día 4-3-2005)

Asistentes:

Pola parte empresarial: José Antonio Bello, Francisco Oliveira Lago, Lureano Míguez (*Asociación Provincial de Empresarios de Tintorerías* da provincia da Coruña), Marina Graña Bermúdez (secretaría xeral C.E.C.).

Pola parte social: Carmen Brea (UXT), Luis Soto (CIG), Francisco Gil Sánchez (CC.OO.).

Na Coruña, ás 11.30 horas do día 4 de marzo de 2005, nos locais da *Confederación de Empresarios da Coruña*, reúnen as partes arriba indicadas co obxecto de levar a cabo a aplicación da cláusula de revisión salarial establecida no artigo 9 do convenio colectivo de tinturarias e lavanderías da provincia da Coruña vixencia no ano 2004.

Por iso se procede a levar a cabo a revisión salarial que establece o citado artigo 9, polo exceso do IPC do ano 2004, recalculándose as táboas do ano 2004, que serán o resultado de aplicar un incremento do 5,2% sobre as táboas do ano 2003 (IPC real do ano 2004 máis 2 puntos). As táboas salariais resultantes, que no xerna efectos retroactivos, servirán de base para calcular as táboas salariais do ano 2005.

Así mesmo, e debido a que non se levou a cabo por ningunha das partes a denuncia do convenio colectivo do ano 2004, segundo o establecido no artigo 4 do citado convenio o convenio prorrogarase tacitamente de ano en ano, se ningunha das partes o denunciase á súa finalización o á dalgunha de súas prórrogas. No caso de prorrogarse, efectuarase un incremento salarial equivalente ao incremento porcentual do IPC previsto polo Goberno para ese ano, máis un punto. Para evitar diferenzas nos cálculos que cada empresa poida facer para fixar as táboas salariais para o ano 2005, acórdase que sexan elaboradas por esta comisión paritaria unhas táboas salariais e que se manden a publicación.

Procédese deste modo á aplicación do incremento salarial correspondente ao ano 2005, por aplicación da prórroga, que supón un 3% (IPC previsto polo Goberno para o ano 2005 máis 1 punto), que figuran como anexo desta acta.

Acórdase facultar a Marina Graña Bermúdez (secretaría xeral da CEC) para a presentación da documentación necesaria ante a delegación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, para o rexistro e publicación desta acta e táboas salariais do ano 2005.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a reunión, ás 13.30 horas da data arriba indicada.

ANEXO

Táboas salariais tinturarias e lavandarias Ano 2005

Categorías	SB 2004 (efec. infor.)	SB mensual 2005	SB anual 2005
Persoal técnico			
Director	706,39 €	727,58 €	10.186,12 €
Técnico	665,3 €	685,26 €	9.593,64 €
Encargado xeral	624,25 €	642,98 €	9.001,72 €
Xefe de sección	583,18 €	600,68 €	8.409,52 €
Persoal administrativo			
Xefe administrativo	583,18 €	600,68 €	8.409,52 €
Oficial administrativo	566,74 €	583,74 €	8.172,36 €
Auxiliar administrativo	558,53 €	575,29 €	8.054 €
Persoal obreiro e de recibo e entrega			
Encargado	583,18 €	600,68 €	8.409,52 €
Oficial de primeira	566,74 €	583,74 €	8.172,36 €
Oficial de segunda	558,53 €	575,29 €	8.054,06 €
Especialista	550,3 €	566,81 €	7.935,34 €
Mozo de repartición	550,3 €	566,81 €	7.935,34 €
Persoal subalterno e de servizo auxiliar			
Limpador	550,3 €	566,81 €	7.935,34 €

Nota: os salarios do ano 2004 reflectense para os efectos informativos non xerando atrasos.

Complemento de asistencia por día efectivo: 1,63 €.

Complemento de asistencia sábados, domingos e festivos: 4,88 €.

Complemento de transporte por día efectivo: 1,07 €.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Orde do 5 de abril de 2005 pola que se nomean os membros do tribunal que deberán cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Advertidos erros no anexo da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 65, do 6 de abril, cómpre facer as seguintes rectificacións:

-Na páxina 5.606, columna dereita, no tribunal titular, onde di: «Presidente: Raúl Fernández Rubio», debe dicir: «Presidente: Raúl Rodríguez Rubio», e no suplente, vogais, onde di: «Xosé Antón Vila Sobrino, profesor de ciencias da computación e intelixencia artificial da Universidade da Coruña», debe dicir: «Xosé Antón Vila Sobrino, profesor de ciencias da computación e intelixencia artificial da Universidade de Santiago de Compostela».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten ensinanzas escolares.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 45, do luns 7 de marzo de 2005, é necesario efectuar as seguintes rectificacións.

Na páxina 3.794, anexo I, debe excluírse:

Cod. cent.: 32016406.

Centro: CEIP Radio ECCA-EPA.

Localidade: Ourense.

Concello: Ourense.

Provincia: Ourense.

Orde do 4 de abril de 2005 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e dispón, no seu artigo 2, a creación de equipos de orientación específicos.

O perfil profesional dos candidatos e candidatas para desempeñaren postos nestes equipos vén determinado polo artigo 5 do citado decreto e debe responder ao dun profesional con formación e experiencia que lle permita desenvolver as funcións establecidas no artigo 18 da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo), pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Debido á existencia de prazas definitivas vacantes no cadro de persoal dos equipos de orientación específicos, cómpre proceder a realizar a súa oferta pública.

En consecuencia, e en uso da autorización que figura na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase concurso público de méritos para cubrir as prazas dos equipos de orientación específicos, así como as posibles resultas, que se relacionan no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Concursantes.

Poderán participar neste concurso os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, con destino nos equipos de orientación específicos ou en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que reúnan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes os requisitos xerais e específicos fixados nos artigos 3º e 4º desta orde.

Artigo 3º.-Requisitos xerais.

1. Encontrarse en situación de servizo activo, ou servizos especiais, con destino definitivo ou provisional nos equipos de orientación específicos ou en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ao remate deste curso académico, polo menos, dous